

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	COIRÓS
Edificio	Igrexa de Santiago de Ois
Dirección	Lugar do Casal, 21 15316
	43.247351 -8.122792
Protección	
Descrición	<p>Igrexa románica de finais do século XII, composta dunha soa nave e ábsida rectangular ao que se accede a través dun arco triunfal de medio punto sobre semicolumnas adousadas. Ten unha sancristía apegada ó muro lateral norte da ábsida. Os muros son de apoio continuo de cantería cunha saeteira en cada lado. A cuberta é a dúas augas na nave e a tres na sancristía. A cubrición realízase con tella curva do país sobre estrutura de madeira. Na cornixa mantén os canzoriños románicos, un deles con forma humana, e sobre os piñóns dos testeiros dúas cruces de pedra de tipo xeométrico. No muro lateral sur, hai outro acceso pero esta está tapiada.</p> <p>A fachada é de traza sinxela seguindo un esquema pentagonal e no eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante a porta de acceso alintelada. Sobre o ingreso vai un fornello cunha imaxe de Santiago Apóstolo. Rompendo o vértice do pentágono e flanqueado por dous pináculos, sitúase unha base para unha espadana barroca de dous ocos. O primeiro formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares e serven para aloxa-las campás. O segundo un frontón triangular curvo cun oco en arco de medio punto e coroadado cun pináculo e unha cruz sinxela de forxa. Este segundo corpo está flanqueado por outros dous pináculos.</p> <p>Como noutras igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	06-10-2021

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	RIVERA, CAMPANAS	2014	50	72

Espadana	Maior.	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1951	55	96
----------	------------------------	---	------	----	----

Información completa: [Igrexa de Santiago de Ois - COIRÓS \(GALICIA\)](#)

PDF (02-07-2026)